

# TEMPOS

NOVOS

ESPECIAL  
100

## A GALICIA INNOVADORA



Roxelio Conde-Pumpido  
Lourenzo Fernández Prieto  
Xavier Vence  
Carlos Pajares  
Miguel Vázquez Freire  
Rubén C. Lois González  
Anxo Vázquez  
Ricardo Rivas  
Francisco Ónega  
Ángel Carracedo  
Alfonso Sola  
Maria Isabel Loza  
Jorge Barros Velázquez  
Juan Luís Barja  
Fernando Pérez González  
Salustiano Mato de la Iglesia  
Manuel González  
Pablo Gens  
Xoán López Facal  
Pedro Merino  
Felipe Criado  
Manuel Bragado  
José Coira  
Lois Rodríguez Andrade  
David Barro



# TEMPOS

NÚMERO 100 SETEMBRO 2005

- 4 CARTA DO DIRECTOR. **Democracia mediática**  
135 **Días soltos** Bieito Iglesias

## ESPECIAL 100 A GALICIA INNOVADORA

### 16 AS IDEAS

- 7 **NOVAS TECNOLOXÍAS, NOVOS RETOS.** Roxelio Conde-Pumpido  
13 **UN PASADO AGRARIO CONTRA OS TÓPICOS.** Lourenzo Fdez. Prieto  
18 **CONVERSA.** Xavier Vence, Carlos Pajares.  
**O DESAFÍO DO COÑECEMENTO**  
26 **EDUCAR PARA REINVENTAR O PAÍS.** Miguel Vázquez Freire

### 32 O TERRITORIO

- 33 **PARA UN NOVO GOBERNO DO TERRITORIO.** Rubén C. Lois González  
38 **AGRICULTURA ECOLÓXICA, OUTRO XEITO DE VIVIR.** Anxo Vázquez  
41 **DENOMINACIÓN DE ORIXE: MARCAS DE CALIDADE.** Ricardo Rivas  
47 **O RURAL, ESPAZO PARA PROGRESAR.** Francisco Ónega  
52 **ENTREVISTA.** Miguel Teijido, **o poder da comunidade.** Ramón F. Mato

### 56 A INVESTIGACIÓN

- 57 **A INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA EN GALICIA.** Ángel Carracedo  
62 **CONVERSA.** Grupo **BIOFARMA.** **Investigar para curar.** Alfonso Sola  
67 **TECNOLOXÍA E INVESTIGACIÓN AGROALIMENTARIA.** Jorge Barros  
71 **O RETO DA BIOTECNOLOXÍA MARIÑA.** Paulino M. Antelo, Juan Luís Barja  
75 **O UNIVERSO DIXITAL DO VIDEALAB.** Óscar Reboiras

### 78 AS TECNOLOXÍAS







- 79 **CARA AO VAL DO SILICIO GALEGO.** Fernando Pérez González  
85 **Reportaxe.** **UN PARQUE TECNOLÓXICO PARA O PAÍS.** Iván Alonso  
89 **CIDADE TECNOLÓXICA: A PICA NO CAMPUS DE VIGO.**  
Salustiano Mato de la Iglesia  
93 **DYGRA FILMS, A INDUSTRIA DA ANIMACIÓN.** Manuel González

### 100 AS EMPRESAS

- 101 **FABRICAR É INNOVAR.** Xoán López Facal  
104 **A INDUSTRIA DO AUTOMÓBIL, UN SECTOR PUNTEIRO.** Pedro Merino  
109 **Reportaxe.** **MADE IN GALICIA: EMPRESAS CON I+D.** Belén Puñal

### 112 A CULTURA

- 113 **A FORZA SOCIAL DO PATRIMONIO CULTURAL.** Felipe Criado Boado  
118 **A INDUSTRIA EDITORIAL, UN SECTOR ESTRATÉXICO.** Manuel Bragado  
124 **O AUDIOVISUAL, ENTRE O INDUSTRIAL E O CULTURAL.** José Coira  
127 **CULTURA E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN.** Lois Rodríguez Andrade  
131 **A ARTE: HISTORIAS DO LUGAR ONDE NINGUÉN FALA.** David Barro  
135 **AS LEAS DO DESEÑO.** Mercedes Costa



## TEMPOS

**DIRECTOR:** Luis Álvarez Pousa. **REDACTORES:** Ana Belén Puñal Rama (coordinación) **COLABORADORES NESTE NÚMERO:** Emma Bouzón (fotos), Roxelio Conde-Pumpido, Lourenzo Fernández Prieto, Xavier Vence, Carlos Pajares, Miguel Vázquez Freire, Rubén C. Lois, Anxo Vázquez, Ricardo Rivas, Francisco Ónega, Ramón Fernández Mariño, Ángel Carracedo, Alfonso Sola, María Isabel Loza, Héctor Caruncho, Jorge Barros, Paulino M. Antelo, Juan L. Barja, Óscar Reboiras, Fernando Pérez González, Iván Alonso, Salustiano Mato de la Iglesia, Manuel González, Pablo Gens, Xoán López Facal, Pedro Merino, Felipe Criado Boado, Manuel Bragado, Lois Rodríguez Andrade, José Coira, David Barro. **COLABORADORES HABITUAIS:** Miguelanxo Prado, Roberto Ribao, Bieito Iglesias, Bruno Dias, Xulio Ríos; José Manuel Lens (Arte); Armando Requeixo, Teresa Seara, Raquel Bello, Carmen Villarino Pardo, M. Felisa Rodríguez Prado, Roberto López-Iglesias Samartim (Libros); Xosé Bocixa (Música); Inma López Silva (Teatro); Suso Samartim, José Tomas **PROXECTO GRÁFICO:** Pepe Barro, Xosé Salgado, Lía Santana [Grupo ReVisión]. **MAQUETACIÓN E FOTOGRAFÍA:** Andrea López. **CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Xosé Manuel Pérez Sardiña **PORTADA:** Roberto Ribao. **XERENTE:** Fernando de Paz Villaseñin **SUBSCRIBIÓNS:** Andrea Álvarez. **REDACCIÓN, PUBLICIDADE E SUBSCRIBIÓNS:** Rúa dos Porróns, 8 - 2º. Meixorfrío, 15705. Santiago. Tel. (981) 557 119 - Telefax (981) 557 117. e-mail: tempos@infonegocio.com **DISTRIBUCIÓN:** A Coruña e Lugo: De las Rías Tel. 981-29 57 11 Ourense: Distribuidora de Publicaciones Boreal S.L. Tel. 988-22 92 90 Pontevedra: Noroeste, S.L. Tel. 986-25 29 00 **FILMACIÓN:** Masplanchas S.L. **IMPRESIÓN:** Litonor S.A.L.

**EMPRESA EDITORA:** Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, S.A.

**PRESIDENTA:** Ana Fernández Puentes. **SECRETARIO:** Fernando de Paz Villaseñin. **VOCAIS:** Xosé Bangueses García, Xosé Díaz Arias de Castro, Xan López Facal, Xulián Maure Rivas, Xavier Vence Deza.

**DEPÓSITO LEGAL:** C-588-97 I.S.S.N.: 1137-6945

**ATLÁNTICA**  
de información  
e comunicación  
de Galicia, S.A.

# A forza social do patrimonio cultural

FELIPE CRIADO BOADO

Arqueólogo e profesor de Investigación do CSIC



Vista da consolidación do castro de San Cibrán de Lás (San Amaro, Ourense)

**M** entres escribo estas liñas, comecemos a coñecer os primeiros cambios na Consellería de Cultura que, polo tanto, afectan á administración do Patrimonio Cultural de Galicia. Desaparecen dela os Medios de Comunicación Social, o que ten unha lóxica política innegable. Pasan a depender de Industria a Dirección Xeral de Turismo e o Xacobeo, decisión que, estando avalada por razóns económicas e organizativas (non en van o turismo é un dos principais sectores industriais de Galicia), non deixa de formular problemas (xa que esa industria baséase tamén nunha axeitada administración dos recursos culturais e patrimoniais); e aínda non sabemos que vai pasar coa *Cidade da Cultura*.

Agardamos que a nova etapa de goberno saiba recoñecer primeiro e fomentar despois a gran transformación que, no mundo enteiro, está a vivir o Patrimonio Cultural dende fai vinte anos

A imaxe que vai aparecendo é a dunha Consellería de Cultura debilitada e con menor capacidade para controlar as innumerables ramificacións que enraízan o Patrimonio e a Cultura no corpo económico-social. Isto non debiera ser un problema, pois pode ser corrixido polo diálogo que os responsables da Cultura establezan coas restantes administracións, (de feito está por ver que os grandes poderes do conselleiro Pérez Varela repercutirán favorablemente en tódolos ámbitos que tiña ao seu mando administrar). Mais o que pode perderse con estes cambios é a posibilidade de empurrar e pivotar dende a nova Consellería a consolidación dunha auténtica industria cultural galega que comprendera o audiovisual, o turismo, o Patrimonio, os museos, a rehabilitación ...

En calquera caso agardamos que a nova etapa saiba recoñecer primeiro e

fomentar despois a gran transformación que, no mundo enteiro, está a vivir o Patrimonio Cultural dende fai vinte anos. No contexto próximo, foi iniciada coa aprobación en 1985 da *Ley de Patrimonio Histórico Español* e precipitada dende 1995 pola aparición da *Lei do Patrimonio Cultural de Galicia* e por unha xestión da anterior Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na que, sen complicidades políticas, foron máis os acertos que os erros. Esa transformación provocou que o Patrimonio Cultural deixara de ser unha temática reservada á investigación na que só operaban sectores académicos (departamentos universitarios e museos) para converterse en profesión e dar lugar a un sector dinámico. Para comprobar isto chega con ollar nas Páxinas Amarelas as entradas: arqueólogos, arquivos, restauración ...



Serra do Xistral, de gran valor ecolóxico e patrimonial, onde se están levando a cabo promocións eólicas

Que esta transformación sexa parella á crise do Estado do Benestar e que estea preñada por solucións neoliberais, non debera ser unha escusa para opoñerse frontalmente a ela, senón só unha chamada de atención a prol da necesidade de imprimir un xiro socialdemócrata tamén neste sector. Deixando prexuízos ideolóxicos e radicalismos facilóns (que son a miúdo esgrimidos por sectores case sempre funcionarizados, máis inquedaos por reter os seus privilexios que por comprometerse coa necesaria transformación do real), unha actitude baseada nun pragmatismo crítico (concepto acuñado polo meu compañeiro D. Barreiro) mostra que o Patrimonio fornece unha base sólida para desenvolver hoxe unha auténtica economía do coñecemento, entendida esta como a capacidade para converter o saber en desenvolvemento económico e social.

Teño a convicción absoluta de que o Patrimonio e a Cultura son tan bos expoñentes da economía do coñecemento como a biotecnoloxía ou as ITC, e de que un país como o noso, no cal están claras as súas fortalezas (un rico Patrimonio histórico-natural, unha imaxe vencellada ó Xacobeo e un sector turístico en alza) e feblezas (falla de tecido industrial e baixos niveis de capitalización), debería comezar por aproveitar aquelas como vector de futuro en vez de xogar a sectores que demandan unha inversión excesiva e un esforzo carecente de base.

O Patrimonio Cultural ten unha natureza singular. Cataliza valores e recursos. É un documento que ilustra a historia da humanidade e recolle a súa memoria social, mais tamén é un recurso para o desenvolvemento económico, comunitario e sostible

#### A PUXANZA DO PATRIMONIO

O Patrimonio Cultural ten unha natureza singular. Cataliza valores e recursos. É un documento que ilustra a historia da humanidade e recolle a súa memoria social, mais tamén é un recurso para o desenvolvemento económico, comunitario e sostible. Por unha banda, o Patrimonio Cultural dun pobo está constituído pola pegada da memoria e o esquecemento. As estratexias da memoria son trampulleiras e manipuladoras: en xeral a memoria é a do Poder. Por iso hai que integrar o esquecemento, que se representa en restos e reminiscencias testanas que por iso chegan ata hoxe, e a crítica dentro da noción de Patrimonio. Por outra banda é un recurso útil para o presente e un valor para o futuro e serve de soporte para o desenvolvemento, xa que o Patrimonio hoxe en día xera novas oportunidades empresariais e de crecemento, de desenvolvemento comunitario e de emerxencia dunha puxante industria cultural.

Para chegar aí fai falla aproximar as posicións de tódolos axentes involucrados: a Administración autonómica en primeiro lugar, seguida dos concellos, do sector profesional libre, dos organismos de investigación e museos, dos promotores, proxectistas e contratistas que afectan ó Patrimonio, e finalmente do público xeral. Uns teñen o rol de usuarios do Patrimonio, outros de iluminadores do seu significado, outros de espe-

cialistas que interveñen nel, e os primeiros a función de administradores. Pero aínda está pendente asentar un modelo de diálogo e cooperación entre todos eses sectores, que non só son sinérxicos senón que coparticipan transversalmente das funcións dos demais. Agora ben, non podemos esquecer aquí as liortas e conflitos que sacoden habitualmente o Patrimonio e que meten moito ruído ó seu redor, atrancando o debate necesario detrás de discusións tan urxentes como estériles orixinadas ou ben por sectores academicistas ou ben por usos oportunistas do argumento da preservación do Patrimonio.

#### A ADMINISTRACIÓN DO PATRIMONIO

Á administración do Patrimonio correspóndelle unha especial responsabilidade e posición de liderado (non sempre recoñecida polos restantes sectores), pois ela é a encargada de manter o principio de tutela pública dos bens patrimoniais que establece o noso ordenamento legal. As súas competencias son tales que implican que dende Patrimonio e a Consellería de Cultura se ten a capacidade de informar de tódolos proxectos de obra que se fagan en Galicia (incluídos os da propia Xunta), de intervir no desenvolvemento urbano e na ordenación do territorio, e de controlar tódolos plans de rehabilitación que se execu-

16  
o·dezaseis

• Casa de Xantar •

X  
DEZ ANOS

Non abunda con comer.

Por iso, cando facemos os nosos mellores pratos para vostede queremos transmitirle unha cultura, unha longa tradición de produtos, viños e xantares que é o que nos fixo ser como somos.

o·dezaseis



Visita dunha delegación sueca ás obras do Parque Árqueolóxico do Mundo Castrexo, en San Cibrán de Lás (Ourense)

tan en bens patrimoniais, tanto públicos como privados (monumentos, elementos etnográficos, casas particulares, xacementos arqueolóxicos...), que chegan a non menos de 100.000 inmobles.

Este tremendo poder práctico converte os administradores do Patrimonio en articuladores dunha importante taxa de actividade que lle dá pulo a un sector profesional brizoso e activo pero precario e feble, sempre sometido á presión dos promotores, ás tensións que implica a política do solo e á inestabilidade dun mercado no que imperan estritas relacións de explotación por canto as tarifas do traballo non van parellas ás plusvalías que xera.

A consolidación desta actividade, e do Patrimonio mesmo, require dunha estratexia de I+D específica que, afastándose dos parámetros tradicionais da investigación humanística, recolla o máis positivo dela e vire con vontade de aplicación e servizo, ademais de con rigor científico e nivel de excelencia, cara ó contorno

O Patrimonio Cultural ten unha natureza singular. Cataliza valores e recursos. É un documento que ilustra a historia da humanidade e recolle a súa memoria social, mais tamén é un recurso para o desenvolvemento económico, comunitario e sostible

socioeconómico, procurando integrar a ciencia coa innovación e comprometéndose en transformar a investigación en economía do coñecemento.

A función cognitiva fundamental desta investigación é reconstruír o sentido orixinal dos elementos patrimoniais e, ofrecendo os contidos históricos nos que se baseará a recuperación e presentación pública deles, establecer o seu valor cultural no presente. Pero aínda é máis importante a súa función práctica, xa que a investigación debe propoñer solucións e criterios para a xestión integral do Patrimonio. Neste sentido é prioritario operar unha auténtica adaptación tecnolóxica das disciplinas que interveñen no Patrimonio (historia, arqueoloxía, arte...) para convertelas en tecnociencias, entendendo por iso un saber para a acción que, sen perder a súa potencia crítica, sexa capaz de inserirse no sistema produtivo e de actuar positivamente para transformar a realidade.

#### ALGUNHAS TAREFAS PENDENTES

Son moitas as cousas que restan por facer.

Algunhas delas non eran pensables nun goberno popular, como por exemplo impoñerlles ás empresas e promotores que inciden no Patrimonio medidas compensatorias que redunden en beneficio deste, imputarlles os custos totais (incluídos os indirectos e derivados) que xeran de protección do Patrimonio, equilibrar a conservación co crecemento urbano e deter o estrago apurado do noso medio histórico e ambiental. Outras simplemente esperan o seu momento, como artellar unha política de recuperación e uso do Patrimonio, conxugar esta co desenvolvemento turístico, ou dar unha alternativa satisfactoria á conservación do Patrimonio Etnográfico e Inmaterial galego.

Pero entre as tarefas urxentes subliñaríase a elaboración dun Pacto Social pola Paisaxe, baseado nun gran acordo que involucre o



Excavación dun xacemento neolítico xunto á vía rápida do Morrazo

Ambiente e a Ordenación do Territorio pero no que a implicación do Patrimonio debe ser total. En concreto, é preciso incorporar a Convención Europea da Paisaxe e iniciar un labor de caracterización, protección e revalorización das paisaxes culturais sobranceiras de Galicia, comezando pola delimitación de tódolos camiños de Santiago e non só do Francés.

No presente e no vindeiro futuro, o Patrimonio Cultural será cada vez máis un sector con gran capacidade de mobilización orzamentaria, de control das actuacións de axentes institucionais e privados no territorio e nas cidades, de impacto formativo e cultural sobre o tecido social, de xeración de oportunidades e postos de traballo vencellados a sectores innovadores e industrias alternativas, de redistribución da renda, porque esas accións teñen alta demanda de man de obra e materialízanse en iniciativas de pequena e mediana escala.

Ademais, o pulo que precisan proxectos neste momento detidos, como a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (con catro grandes centros temáticos de catro épocas culturais situados en cada unha das catro provincias galegas), a espléndida rehabilitación do conxunto da Illa de San Simón carente, non obstante, dun modelo de xestión que achegue sostibilidade e futuro a ese proxecto, xunguidos ó proxecto museístico integral da Cidade da Cultura e ó proxecto *Artabria* na Coruña, poñen Galicia neste momento á fronte da máis avanzada proposta cultural de toda Europa e confírenlle ó noso país unha posición de liderado que foi recoñecida en diferentes foros españois e internacionais por acreditados especialistas e políticos, e emulada por outras Comunidades (españolas e europeas). Só hai que aceptar que saber e acción cultural poden combinarse para producir valor social e económico.

Un estudo económico realizado por Fuentes Quintana mostrou que a con-

É prioritario  
operar unha  
auténtica  
adaptación  
tecnolóxica  
das discipli-  
nas que  
interveñen no  
Patrimonio  
(historia,  
arqueoloxía,  
arte...) para  
convertelas  
en tecnocien-  
cias, enten-  
dendo por iso  
un saber  
para a acción  
que, sen per-  
der a súa  
potencia crí-  
tica, sexa  
capaz de  
inserirse no  
sistema pro-  
ductivo e de  
actuar posi-  
tivamente para  
transformar a  
realidade

tribución do Xacobeo do 1993 ó PIB español foi do 1,3 por cento. E iso que o Xacobeo dista de estar ben organizado e rendibilizado. De xeito semellante, un estudio prospectivo feito pola Fundación Catedral Vieja de Vitoria estableceu no ano 2000 que a previsión de xeración de riqueza en Álava derivada da inversión na rehabilitación da Catedral vella suporía aproximadamente entre 3 e 3,5 veces o importe da inversión inicial. A revisión destas cifras no ano 2005 descubriu que o beneficio efectivo situouse, en realidade e baseándose nunha estimación conservadora, entre 4 e 4,5 veces.

Esta é a forza actual do Patrimonio. Unha actuación resolta nel, que concilie o imperativo da conservación co uso, o seu sentido orixinal coa súa revalorización como recurso, a súa xestión co seu coñecemento, a súa administración coa multidisciplinariedade, e a súa protección coa difusión, non só permite devolverlle á sociedade a súa historia, non só posibilita conciliar o desenvolvemento técnico e o crecemento económico co sistema cultural e de valores, non só establece o campo de diálogo entre a identidade local e a pluriculturalidade, non só ten unha nidia e inevitable potencialidade identitaria que contribúe á autodefinición da nosa cidadanía no futuro, senón que ademais, forxando novas oportunidades, construírá Galicia como imaxe de marca, funcionará como base e fundamento dunha rica actividade socioeconómica que iluminará novos xacementos de emprego e riqueza creando un tecido industrial alternativo, alcanzará recursos para a industria do turismo e da cultura, e xerará redes sociais e comunitarias a través dunha acción que é tanto simbólica como práctica, intelectual como pragmática.